




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por mor das dificultades da programación docente, nalgúñas Facultades prodúcese a situación contradictoria de que materias con prelación impártense no primeiro cuadrimestre mentres que as materias que fan prelación (materia chave) impártense no segundo cuadrimestre. Como consecuencia pode ocorrer que alumnos que superen a materia con prelación se atopen sen posibilidade de cualificación.

En todo caso, débese entender que o alumno ten a posibilidade de superar as dúas materias, a materia con prelación e a que fai prelación na primeira convocatoria ordinaria de exames do curso académico, independentemente de que esta teña lugar en febreiro ou xuño.

E é por isto que este Rectorado **RESOLVEU**:

PRIMEIRO.- Nas actas das materias con prelación do primeiro cuadrimestre os alumnos que as superen e estean pendentes de exame na materia que fai prelación no segundo cuadrimestre, figurarán coa mención “sen cualificar”.

SEGUNDO.- Publicadas as actas da primeira convocatoria ordinaria da materia que fixo prelación (xuño), no caso que existan alumnos coa materia aprobada e se atopen nas condicións da alínea primeira, procederase de oficio á emisión dunha acta complementaria da materia con prelación (febreiro) na que se inclúan todos os alumnos que figuraban coa mención “sen cualificar”, e na que aparezan coa cualificación que lles correspondería no caso de que a materia non tivera prelación.

TERCEIRO.- O Servicio de Xestión Académica, de acordo cos Servicios Informáticos, procederá á posta en marcha do disposto nesta Resolución. As actas complementarias serán asinadas consonte o disposto na Resolución Rectoral de 24 de febreiro de 2000.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2002

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.